

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 06 de febreiro de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024 e á sesión extraordinaria do 24 de xaneiro de 2025.
- * Aprobación da Normativa para a elaboración do POD (Plan de Ordenación Docente) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da delegación na COAP da aprobación do POD do curso académico 2025/26.
- * Aprobación da creación e convocatoria dunha praza de TU correspondente ao 15 % da OEP do 2023 para a contratación de investigadores/as con certificado I3 na área de coñecemento A0555 (enxeñaría química) do departamento T04 (enxeñaría química) e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.
- * Aprobación da tramitación das propostas de Programas de Simultaneidade de Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais e Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos para o curso 2025/2026.
- * Aprobación da modificación do curso de iniciación á formación para a docencia universitaria.
- * Aprobación da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.
- * Aprobación do I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do departamento de Química Orgánica.
- * Aprobación do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.